

FORMACIÓN METODOLÓGICA PARA CENTROS EDIXGAL

Durante o curso 2018-2019 no CFR de Pontevedra abordamos a formación EDIXGAL para os 64 centros do noso ámbito de actuación que participan deste proxecto en dúas etapas diferenciadas:

No primeiro trimestre cubrimos a formación técnica, con cursos dirixidos aos coordinadores EDIXGAL e profesorado que imparte por primeira vez nestas aulas.

Abordamos a formación a través de cursos no CFR para coordinadores e formadores; levando esta formación aos PFP que cada centro EDIXGAL ten en marcha.

No segundo trimestre abordamos as necesidades metodolóxicas que a plataforma EDIXGAL precisa para aproveitar a súa capacidade, a través de charlas dirixidas a todo o profesorado implicado neste proxecto.

Son charlas voluntarias que buscan establecer unha base educativa sólida dende a que poder desenvolver novas estratexias, metodoloxías e sobre todo experimentar e achegar as novas tecnoloxías ao alumnado de forma positiva para a súa formación que permita a adquisición da competencia TIC.


As paisaxes de aprendizaxes consolídanse como a tendencia didáctica actual, na que o alumno é protagonista da súa aprendizaxe, marcando o ritmo e seleccionando centros de interese que decide de forma autónoma. As novas tecnoloxías interactivas permítennos deseñar paisaxes dixitais atractivas, motivadoras e sobre todo, eficientes ferramentas de aprendizaxe.

1

A primeira charla de **Ana María Martínez** abranos as portas ás paisaxes de aprendizaxe cunha charla inicial e un taller posterior no que practicaremos como deseñalas dixitalmente con **genial.ly**

Requisitos para asistir:

- 1º Traer á charla o propio equipo EDIXGAL.
- 2º Estar rexistrado na aplicación: genial.ly



2

Para deseñar paisaxes que aspiren a converterse en ferramentas eficaces na aula, precisamos dun enfoque profesional que teña en conta as intelixencias múltiples e a taxonomía de Bloom.

Con **Charo Fernández** abordaremos a través da súa charla práctica como aplicar a matriz de deseño dun modo harmónico e coordinado.

3

Temos definido como empregar as tecnoloxías na aula e como deseñar actividades educativas, pero precisamos da información e o coñecemento para encher eses paisaxes de aprendizaxe dixital. Sen dúbida, no momento actual onde a "infoxicación" aumenta día a día coa potencia e o crecemento exponencial da rede; precisamos coñecer a "curación de contidos" que nos faga ser consumidores críticos e eficientes para distinguir as fontes de información fiables e así contribuír a formar cidadáns competentes. **Oscar Rodríguez** encargárase de guiarnos nese labirinto de información sen que perdamos o fío que nos permita saír.

